

# **CADERNOS DE TRABAJO**

4º Educación Primaria

Semana do 25 ao 31 de maio

# INSTRUCCIÓNs PARA REALIZAR O TRABAIlLO:

A continuación, tes uns **caderniños con fichas** nas que hai diferentes exercicios para traballar un pouquiño estes días.

Para facelos sería ideal que tiveras o **horario de clase diante**. Deste xeito, podes coller o caderno da materia que nos tocaría traballar tamén na aula a esa mesma hora.

Non tes que facer todas as clases do horario todos os días, **organízate ben e traballa un pouco cada día**.

É importante que non te esquezas de facer tamén a **hora de ler**. Recorda **20 minutiños diarios de lectura en voz alta**.

## TAREFAS A ENTREGAR:

Esta semana tes que enviarme ao correo **amestraraquel@gmail.com** as tarefas de Lengua Castellana e a tarefa de Ciencias Sociais.

The background of the notebook cover is a repeating pattern of stylized turtles. Each turtle has a shell decorated with intricate geometric patterns, including spirals, squares, and lines. The turtles are colored in shades of light green, teal, and yellowish-brown. They are scattered across the page in various orientations.

# CUADERNO DE MATEMÁTICAS

1. Coloca y calcula:

$$562,410 + 89,12 + 147 =$$

$$149 + 1,03 + 9,888 =$$

$$7,402 - 1,98 =$$

$$97,001 - 1,997 =$$

$$5,42 \times 4,23 =$$

$$7,44 \times 1,68 =$$

$$14.589 : 46 =$$

$$28.569 : 87 =$$

## RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS

257. Fátima tiene 18 €, y Alí, 24. ¿Cuántos euros tiene que dar Alí a Fátima para que tengan los dos la misma cantidad?

259. Pilar tiene en la hucha 5 euros y 40 céntimos, ¿cuánto le falta para poder comprar la careta?



261. En un centro comercial hay un multicine que tiene 7 salas con una capacidad de 1.689 personas en casa una. ¿Cuántas personas caben en total en el multicine?

263. Dibuja las manecillas de cada reloj



14:45



18:20



11:30



09:35

264. Subraya las monedas necesarias para pagar el precio exacto



0,25 €

258. Pablo tiene en su huerto 90 árboles. Dos quintos de los árboles son manzanos y el resto ciruelos. ¿Cuántos árboles de cada tipo tiene Pablo en su huerto?

260. María y Rosa han tomado dos botes de refresco y dos hamburguesas. ¿A cuánto ha subido la cuenta?



262. Fabiola se ha comprado un ordenador por valor de 985 € con una impresora de 539 €. Si lo paga todo en 12 meses, ¿cuánto dinero pagará cada mes?



**CUADERNO DE LENGUA  
CASTELLANA**

## COMPRESIÓN LECTORA:

Coge tu libro de texto de Lengua Castellana del segundo trimestre. Vete a la página 116 y lee varias veces el texto "Macarrones con chocolate". Luego pon en tu libreta de lengua con bolígrafo rojo el título de la lectura **Macarrones con chocolate**, deja un espacio y haz en la página 117 los ejercicios 2, 3, 4, 5, 6 y 8.

## TALLER DE ESCRITURA:

Ahora vete a la página 90 del libro del segundo trimestre y haz los ejercicios 1, 2 y 3.

## REPASO:

Para terminar, vete a la página 119 del libro de Lengua Castellana del segundo trimestre. Haz en tu cuaderno los siguientes ejercicios: 1, 2, 3 y 7.



**CADERNO DE LINGUA  
GALEGA**



## LEMBRA

- Os **numerais** son palabras que expresan cantidade ou orde de xeito preciso. Os numerais poden ser **cardinais** (expresan cantidades exactas) e **ordinais** (indican a posición dun elemento dentro dun conxunto ordenado).
- Os **indefinidos** son palabras que expresan cantidade ou nomean alguén ou algo de maneira imprecisa.

### 1 Arrodea os numerais das seguintes oracións e clasifícaaos.

- Collín o autobús polos pelos, o último saía da estación ás vinte e unha horas.
- A vindeira semana celébrase a trixésimo primeira edición da carreira pedestre.
- O avó fixo onte setenta e seis anos e celebrouno cunha gran festa de aniversario.
- Antía ten na clase o número dezaioito, é dicir, é a décimo oitava da lista.



Ordinais

Cardinais

### 2 Escribe o numeral cardinal e o ordinal que corresponden a cada cifra.

1 ▶ un, primeiro

2 ▶

3 ▶

4 ▶

5 ▶

6 ▶

7 ▶

8 ▶

**3** Copia as oracións e complétaas co indefinido axeitado.

Lembra que teñen que ir no mesmo xénero e no mesmo número ca o substantivo que acompañan.

algún

pouco

varios

molto

ningún

bastante

- Na miña mochila caben  cousas.
- Levamos  días co ceo sen  nube.
- Foron  persoas ao teatro, para ser un día de semana.
- Supoño que  día voverei visitar esa vila.
- Fai o favor, dáme unha  auga.



**5** Subliña as seguintes palabras segundo o código de cores.

Ordinal

Cardinal

Indefinido

- vinte e dous
- ambos
- noveno
- vixésimo
- demasiado
- ningún
- corenta
- dezaseis
- calquera
- oitenta e nove
- cento un
- algo
- cuadraxésimo
- sétimo
- décimo terceiro

**1** Subliña todos os adxectivos deste texto.

**O coche de meus pais**

Hoxe fomos mercar un coche novo, porque se estragou o que tiñamos: din que rompeu unha peza do motor. Total, que meus pais están contentos: o papá di que non é precioso, que é preciosísimo! Que ten uns asentos suaves e comodísimos, e unha cor alegre. E a mamá di que o deseño é fantástico, chulísimo. E eu... que queredes que vos diga... Gustábame máis o coche vello!



1 Relaciona cada pregunta cunha imaxe.

1 Como te preparas para cada actuación?

2 En que consiste o teu traballo?

3 Onde actúas?



2 Escribe unha pregunta para cada resposta.

---

–O mellor é facer rir aos demais cando están tristes.

---

–Decidín ser pallaso aos 9 anos, cando fun ao circo con meus pais.

3 Elixe unha persoa á que che gustaría entrevistar e redacta as preguntas que lle farías.



Entrevista a

---



---



---



---



---



---



---



---

# Historia da bicicleta

Xa en culturas antigas, coma a exipcia e a chinesa, se fixera algún invento que se podería considerar antecedente da bicicleta. Con todo, tal como a coñecemos hoxe, apareceu a comezos do século XIX. Naquela época, un inventor alemán chamado Karl Drais creou un artefacto para desprazarse formado por unha sela de madeira cun guiador, montado sobre dúas rodas, que había que impulsar desde o chan cos pés, coma se se tratase de patinaxe.

Aquela invención, chamada velocípede, evolucionou rapidamente. Poucos anos despois, o escocés McMillan fabricou o primeiro vehículo de pedais, acoplados á roda de atrás. Progresivamente, enxeñeiros franceses e ingleses desenvolveron este vehículo.

Primeiro aumentaron a medida da roda dianteira, co que conseguían que correse máis, pero tamén era máis difícil manter o equilibrio. Pouco e pouco, xurdiu o sistema de pedais e transmisión que coñecemos actualmente e as rodas igualáronse, e a finais do século XIX a bicicleta xa dispoñía dos pneumáticos inchables de caucho que ten aínda.

Actualmente, calcúlase que hai no mundo uns 800 millóns de bicicletas. É un medio de transporte ecolóxico, san, sostible e económico á vez, e por iso se emprega de xeito xeneralizado en moitos lugares do mundo. En países europeos como Suíza, Alemaña, Polonia e os Países Baixos, a bicicleta é o medio de transporte maioritario. Noutros máis afastados, como China e a India, tamén é o principal medio de transporte da poboación.



## 1 Numera. Como evolucionou a bicicleta?



**2** Repasa a lectura e completa o resumo.

Un inventor  chamado Karl  creou un  para desprazarse que se impulsaba .



O  McMillan fabricou o primeiro vehículo de .

A finais do século  a bicicleta xa dispoñía dos .

**3** Risca as características que non ten a bicicleta como medio de transporte.

san    difícil    sostible    caro    ecolóxico    contaminante    económico

**4** Relaciona as palabras da lectura con outras de significado semellante.

invento    artefacto    caucho    antecedente    fundamental

básica    precedente    innovación    máquina    goma

**5** Explica as diferenzas en cada caso.

- Entre a invención de Drais e a de McMillan. ▶

- Entre o velocípede de McMillan e os velocípedes franceses e ingleses. ▶



CADERNO de Ciências  
Sociais

## Que che parece se hoxe analizamos un mapa do tempo?

Entra en <https://www.meteogalicia.gal/web/inicio.action> e poderás atopar os mapas do tempo que analizabamos na clase.

Escolle un día da semana, busca a libreta de CCSS para ver as táboas que temos que facer para analizar os mapas (Data, máximas e mínimas, precipitacións, vento...) e elabora tamén na libreta outra táboa co análise do mapa que acabas de escoller.

### PLÁSTICA:

A continuación tes o caderno de plástica no que tes que dar cor a un elefante. Para iso podes usar cores ou rotus, o que che guste máis. Se o fas con rotus ten coidado de non estragar o debuxo.



# Caderno de plástica



